

O ESPIGONCIÑO





Ola a todos/as os que estades lendo isto agora mesmo.

Este ano o Día das Letras Galegas está adicado a Luísa Villalta, poeta e ensaísta que destacou no mundo do teatro e da música. E no noso colexio para conmemorar este día realizamos unha serie de actividades que amosamos nesta revista.

Ademais disto, para nós, os alumn@s de 6º de Primaria, este curso é moi especial porque é último ano que pasamos neste colexio.

A verdade é que a etapa do colexio será inesquecible, xa que é unhas das etapas máis importantes da vida.

Infantil foi moi divertido, xa que faciamos teatro e outras cousas divertidísimas. Ao chegar a Primaria ao principio costou un pouco pero logo nos acostumamos.

Nestes anos traballamos e aprendimos moitas cousas e tamén nos divertimos moitísimo.

Agora estamos rematando o último curso e non o podemos crer. Esperamos que todo nos vaia moi ben na nova etapa que está a piques de comezar.

A longo destes anos foron chegando compañeiros novos e outros marchando, aos cales recordamos con moito cariño (Diego, Jairo, Milana, Andrii, Aarón, Juan, Lina, Eduard, ...). O que si é certo é que desta etapa das nosas vidas levamos os mellores amigos que podiamos ter.



ÍNDICE

★ Nova aula de EI: Os canguros.....	4
★ Días en familia.....	9
★ Fomos de compras.....	15
★ Proxecto: Como facer un pompón?.....	20
★ Os retos e as dinámicas de grupo en LÓVA.....	22
★ Conto: Vaia pote!.....	25
★ DinamizARTE: Mulleres da nosa literatura.....	26
★ A nosa viaxe a Santiago de Compostela.....	34
★ Entrevista: Carlos Miranda.....	37
★ Caderno de campo: periodistas naturais.....	40
★ Coa estela das nosas estrelas.....	45
★ Letras Galegas 2024: Luísa Villalta.....	47
★ Biblioteca Lusco Fusco "A casa dos libros".....	49
★ Arte nas aulas: pintoras galegas.....	53
★ Recortable: comeocos Luísa Villalta.....	57



SOMOS A NOVA AULA
DE E.I.
" OS CANGUROS "



XABI



OLIVIA



MARK



MAEL



LUCIA



MARCOS



YANET



ERIC



TYMOFII



LEIRE



SABELA



NORA



ANTÓN



LEV



IERGIO



TEO



LIS

NATHALIE



ADRIÁN



HUGO



VALERIA



No curso 2023/24 comezamos unha nova etapa educativa , nun novo colexio. Estamos moi ilusionados e con moitas ganas de aprender cousas novas.

4º de EDUCACIÓN INFANTIL

A QUE SABE A LÚA

Este curso tivemos na nosa aula unha profe en prácticas, Laura. Un dos días que estivo connosco contounos un conto titulado "A que sabe a lúa"



Estivemos todos moi atentos e ao final probamos a LÚA

A MAMÁ DE TEO VEU AO COLE O DÍA DO LIBRO

A mamá de Teo veu a contarnos dos contos

“COCORICO”



“SOPA VERDE”



4º de EDUCACIÓN INFANTIL

DIAS

FAMILIA
ENFALTA



LETICIA
TICA, A MAOE
EMTA, É FISTIO.

EXPLICAVOS
ESP I O U T E M A U
CONSIDIA
COLRYLO SEV RTIPEL. U
TRAOSLU

ABUEZOS
ADEMAIS
ENSINO UNOJ
ALGUNHA
H2 POETUA ALCU
OE MANIA
MANEIRA
DIUE PIAA.



AMOSOUNOS

AMO 20 UNO DO
 AZUA FV R G O N E
 TA DE T R A R A
 LLO. N E L A H P O N
 . M O I T A S
 C A M É N T A S .
 H A C I A
 F E R R A M E N T A S



A D E M A I S F I X O N O S
 U N H A F E R R A D U R A A C A D A
 U N



MANUEL, O ^{PAS} DA
DE ANGEL
TEN UN DFID
OFICIO
BEN AFOSO É
CURSOS
FERRADOR
DE CABALOS.






OS PAIS
OS PAIS
ROUNTINA
#ILGON
FVERON
UN OBRA DOIRO
OBRADOIRO
DE
FOTOGRAFIA E MAQUI-
LLAXE.
ROGELTO




DEIXO NOS
DEIXO NOS AS VA
CAMARÁ E FIXO NOS
CAMARÁ
FOTOGRAFÍAS. ADEMAIS
IMPRIMIMOS UNHA FOLHA
DE AGASALLO.



A VOSTRA, A NAI
DE ROMINA

MAQUILANDO
DEIXÁNDONOS
ELLAS O DE
BUTO.

¡PASÁNDOLO XENIAL
CON TODOS UOS!
MOITAS GRAZAS DE
NOVO.



FUMOS DE COMPRAS



NO MES DE XANEIRO
FIXEMOS UMA ACTIVIDADE MÚLTIPLA
DIVERSA: FUMOS DE COMPRAS.
(LEO)

FUMOS UN MERCORES
PARA COMPRAR A FROITA
DA MERENDA. (DAMIÁN)





LEBAMOS ALISTADA COM'DRA
E BOLSAS DARK TRKEL X (NOEL)



FIXEMOS Y ECIAS DE 3
ECADA EPOD LEBOVA SUA LISTA
A SUA BOLSAEIBILLETE
DE EUROS. (ALBA)

NO SUPERKADA UN TPV AMOS REPAR-
TIDO O NO JO TABALLO: (ALANA)
OER O CESO, OS UAT, ASOLAS,
LER A LISTA, OERA FOLK E AO
FIAL AAR. (CARMEN)



CANDO CHEGAMOS A CLASE BALEIRAMOS
 APROITA E COMPROBAMOSO QUE NOS
 DOLBERON. (MARTINA)



NA HORA DA MERENDA FIXEMOS
 BROCHETAS CDA PDITA COMPRADA.
 GDUFO A OEA (LÍA)
 CADA UN FIXO BROCHETA COM IO: (CLAUDIA)
 A O UOVACEO SEIES. (EMMA)
 AMNAQA (MIKO)
 EEE DÍA EU NUNCA ESTARA



A L B L O M P A S A D H
AMERENDA SÓPONOS Á GLORIA
E P A O AL O U O D I A
DEIXAMOS PARA OUTRO DIA O

T A O S A R O S
TEMA (RUMAY) CARTOS



6º E.I.

Como facer un pompón?


1. FACEMOS OS CÍRCULOS

O primeiro que fixemos foron os círculos nunha cartolina. Con dúas tapas de diferente tamaño fixemos dous círculos con forma de anel o suficientemente grandes para enrolar a la.



2. PICAMOS E RECORTAMOS

A continuación picamos o círculo pequeno do centro para que nos quedara o buratiño para enrosca-la e recortamos o grande porque nos era máis doado.



3. CORTAMOS ANACOS DE LA

Cando rematamos os círculos xuntamos dous e cortamos anacos longos de la para comezar a encher o burato.





4. COMEZAMOS A ENVOLVER

Cos materiais preparados puxémonos a enroscar a la ao redor do anel ata que tivemos o buratiño completamente cheo.



5. RECORTAMOS E UNIMOS

Agora toca recortar os bordos do anel cunha tesoura e moita forza!

De seguido e con moito coidadiño pasamos un anaquiño de la polo medio e fixemos un nó para suxeitar as dúas partes e sacamos a cartolina.



7. E XA TEMOS OS NOSOS 20 POMPONS REMATADOS

Démoslle forma redondiña coas mans e cortamos algúns fíos que nos sobran.



7. QUE FERMOSOS QUEDARON NO NOSO DISFRACE!

Finalmente colocámoslos nos gorros e pantalóns dos nosos gaiteiros e quedaron así de fermosos!

ALUMNAS E ALUMNOS DE 1ª

OS RETOS E AS DINÁMICAS DE GRUPO EN LÓVA

As dinámicas de grupo e os retos son xogos moi divertidos que se realizan de forma cooperativa. Cando traballamos xuntos as cousas saen millor.

Cada dinámica persegue un obxectivo diferente: atención, rapidez, calma, control, colaboración, coordinación, expresión.. ou simplemente diversión.

Os retos son tarefas que debemos superar e nos permiten sentirnos capaces de facer as cousas. Hai moitos, pero estes son os que máis nos gustan. Ímosvos contar algún dos retos e dinámicas de grupo que facemos nas sesións LÓVA...

O RETO DA ALFOMBRA.- Consiste en darlle a volta á alfombra con todos nós enriba dela. Aínda non fomos quen de conseguilo, despois duns cantos intentos, pero algún avance fixemos...



O RETO DAS PEDRAS NO RÍO.- Trátase dun reto colaborativo e de rapidez. Dous equipos distribuídos en dúas filas nas que cada neno está subido a unha pedra (folio). Hai un folio de máis que o ten o último da fila e debe pasalo ata o primeiro para que este o poña no chan e poder avanzar á pedra de diante. Gaña o grupo que avanza máis rápido, sempre sen saírse do folio.



O RETO DOS OLLOS VENDADOS.- Por parellas, un neno fai de guía e protexe á parella, e outro déixase guiar cos ollos tapados por un traxecto dentro do cole. Parece fácil, pero hai que confiar moito no guía.. Cos ollos pechados, percíbense sensacións novas.



RETO DAS SILLAS.- Hai igual número de sillas, espalladas pola aula, que de participantes. Todos deben estar sentados na súa silla, agás unha persoa que está de pé, pero que ten que ir cara a súa silla e ocupala. A tarefa do grupo é impedir que isto ocorra, cambiándose de silla. Sempre queda unha silla valeira que debe perseguir sen prásas para sentarse.



RETO DO 15.- Consiste en contar en alto a secuencia do 1 ata 15. Cada neno ou nena dirá un número, non podendo haber outras persoas que digan ese número ao mesmo tempo. Se isto ocorre, volta a empezar.

Parece moi sinxelo, pero non é fácil de superar...

ROSCAS E CANICA.- Cada alumno ten unha rosca. Consiste en facer pasar unha canica por un túnel de roscas, ata lograr que caia nunha caixa colocada en determinado lugar.



ABRAZOS MUSICAIS.- Cada neno móvese libremente pola aula mentres soa unha música. Cando para a música, deben deterse e abrazar a outro e non quedar só.




Existen moitas dinámicas e tamén podemos inventalas. Gústanos moito facelas e coñecer outras novas.

Alumnado de 2ºA

Vaia pote!

3º Primaria

Había unha vez dous amigos moi amigos que eran moi diferentes. Un chamábase Golfiño Azul e o outro Xabarín Bravo. Golfiño Azul vivía no mar de Cariño e Xabarín Bravo vivía en Xúpiter, pero non lle gustaba nada a auga. Os dous quedaban tódalas tardes na praia de Fornos ata que un día Golfiño Azul se cansou de ir tanto á praia de Fornos. Golfiño Azul propúxolle a Xabarín Bravo que foran xogar a outro sitio pero Xabarín Bravo rápido se alporizou. De súpeto apareceu entre as herbas o Capitán Lentella.



Capitán Lentella viña a capturar a Xabarín Bravo, así que o meteu nunha gaiola e levouno voando para a súa gorida. Golfiño Azul quedou moi triste e rápido se decidiu a organizar unha operación de rescate do seu amigo.

Coa axuda da Galiña Avoa, Golfiño Azul decidiu facer unha pota de lentellas co Capitán Lentella. Despois de comer toda a potada, a Galiña Avoa abriu a gaiola e rescatou a Xabarín Bravo. Bo proveito!

DINAMIZARTE

DinamizARTE é o tema arredor do que xiran os proxectos que levamos a cabo durante este curso. Con esta proposta pretendemos fomentar o uso do galego e promover a nosa cultura pescudando sobre as distintas disciplinas da arte, prestando especial atención ás grandes esquecidas que fixeron e seguen facendo historia: as mulleres. Nós centrámonos no ámbito da **LITERATURA**.



Estela

Pura Vázquez (1918-2006).
Mestra, escritora e poeta ourensá. Foi a primeira muller que empezou a publicar en galego en diferentes xornais e revistas de Galicia, pioneira tamén no campo da literatura infantil e xuvenil. Algunhas das súas obras escribiunas coa súa irmá Dora.

Letras Galegas

2024



Sabela

Antía Yáñez

naceu o 9 de agosto de
1991 en Burela.

Estudou enxeñaría, pero
nunca exerceu esa profesión
porque a súa verdadeira
paixón é escribir. Co libro
Plan de rescate gañou o III
Premio Agustín Fernández
Paz pola Igualdade (2019).

Sofía Casanova

(1861-1958). Naceu en
Culleredo (A Coruña).

Ademais de escritora e poeta,
foi a primeira muller española
corresponsal de guerra.

Acadou tanta fama como
poeta que chegou a participar
nas reunións literarias da
corte do rei Alfonso XII. En
1906 foi admitida na RAG.

Valeria



Marina Mayoral
naceu en Mondoñedo en
setembro de 1942. É
catedrática de Literatura,
novelista, articulista e
investigadora. Dos seus
traballos de investigación
destacan as súas obras sobre
Rosalía e Emilia Pardo Bazán.
É Académica de Honor da
RAG desde
2017.

Nico



Ainoa



Mª Victoria Moreno
(1939-2005). Profesora,
editora, tradutora, e escritora
de literatura infantil e xuvenil.
Aínda que era estremeña, foi
unha muller moi
comprometida co galego e
coa cultura de Galicia. Cuarta
muller homenaxeada no Día
das Letras Galegas en 56
anos de celebración!



Xela Arias (1962-2003)
Foi escritora, editora, tradutora e profesora de literatura. Muller comprometida co feminismo, co ecoloxismo e co pacifismo. Foi homenaxeada no Día das Letras Galegas no ano 2021. Entre as súas obras destacamos *Darío a diario*, dedicado ao seu fillo.

Lola

Lucía

Lucía Aldao
naceu na Coruña o 20 de febreiro de 1982. É unha poeta que se dedica ao mundo da poesía escénica, da música e do humor. No 2005 xúntase coa tamén poeta María Lado para formar Aldaolado, proxecto co que conseguiron facer do recital poético un acto divertido.



María López Sande

naceu en Lugo no 1973.

Escritora, ensaista,
investigadora e docente.

Especialista na análise da
obra de Rosalía de Castro.

Gañadora da VI edición do
Premio de Narrativa Breve
Repsol coa novela *A forma das
nubes*. A súa última obra,
O faro escuro, tamén está
tendo moito éxito.

Khloe



Elsa

**Olga Gallego (1923-2010)**

Naceu en Ourense, foi
arquiteira, historiadora e
profesora universitaria.
Muller moi preocupada pola
conservación do patrimonio
galego, foi unha destacada
estudosa da arquivística
galega e da historia da cidade
e da provincia de Ourense.



Mateo

Paula Carballeira, naceu en Maniños (Fene) o 7 de setembro de 1972. É escritora e actriz. Participou como directora, actriz e guionista tanto en teatro como en televisión. Escribiu numerosos libros e foi galardonada no ano 2023 co Premio Nacional de Literatura pola súa obra *As alumnas*.

Francisca Herrera (1869-1950). Con apenas doce anos coñeceu a Rosalía de Castro, quen a marcaría como escritora. Foi autora da 1ª novela asinada por unha muller en galego, *Néveda*, 1ª en participar na revista Nós e 1ª en ser elixida membro numerario da RAG, aínda que faleceu sen darlle tempo a tomar posesión.

Paco



Fina Casalderrey naceu en Xeve (Pontevedra) no 1951. É unha das escritoras máis recoñecidas, traducidas e premiadas no ámbito da literatura infantil e xuvenil galega. Foi docente durante corenta anos. Deuse a coñecer coa novela *Mutacións xenéticas*.

Forma parte da RAG desde o 2013.

Aday



Agus

Beatriz Maceda, nada na Coruña en 1963, é unha escritora e mestra galega. Publica *Ela e Tuerka 27* na revista Tempos Dixital. No ano 2012 presenta o seu primeiro libro *Man, o alemán de Camelle*, coa intención de achegar a figura de Manfred Gnädinger á mocidade.



Rosalía de Castro (1837-1885). É considerada unha das mellores escritoras en lingua galega e principal responsable do Rexurdimento. O Día das Letras Galegas celébrase o 17 de maio nunha homenaxe á data da publicación do seu primeiro libro en galego *Cantares Gallegos*.

David

Emilia Pardo Bazán (1851-1921). Gran referente da historia da literatura española e firme defensora dos dereitos das mulleres. Non puido asistir á universidade porque naquela época estaba prohibida a presenza das mulleres nas aulas. Unha das súas mellores obras é *Los pazos de Ulloa*.



Erika

ALUMNADO 4ºA



A NOSA VIAXE A SANTIAGO DE COMPOSTELA

O día comezou subindo ao que sería o noso autobús para toda a xornada. Ás 9:30 da mañá aproximadamente. Os alumnos de 5º e 6º, íamos a Santiago de Compostela. Moitos de nós xa estivéramos alí, pero non o que nos tocaba visitar hoxe.

A viaxe de ida foi un pouco movida, xa que levábamos, como lle chamamos nós “a radio de atrás” e dicir, todos cantando a pleno pulmón. Foi moi divertido, aínda que outros compañeiros pasaron a viaxe durmindo. Consello: escoller un bo compañeiro de asento ;-).

Chegamos a Santiago ás 11:30, e merendamos rápidamente nun parque, xa que tiñamos que estar no Museo de Historia Natural ás 12:00.



No museo acompañounos unha guía, que nos ía explicando todo a que íamos vendo. Había cousas increíbles. Ao principio mostrounos como facían os taxidermistas para disecar aos animais, e deixounos tocar un esquío, unha curuxa, unha ave rapaz,... Foi impresionante! No resto do museo xa non deixaban tocar aos animais expostos.



Fumos pasando por diferentes seccións: unha fraga galega, sabana africana, selva, mineráis,... Ata tiñan un esquelete de dinosaurio. Na fraga enseñounos diferentes sons que fan os animais que alí viven; había moitos que non os coñecíamos. De todos os que vimos os que mais nos impresionaron foron os lobos e os leóns.



Tamén entramos nunha réplica dunha mina e dunha caixa forte, onde tiñan expostas as pedras preciosas.

Á saída había unha pequena tenda onde poidemos comprar algún recordo como, mineráis, peluches,...

Ás 13:30 fumos comer á universidade de filoloxía, que estaba alí moi cerquiña. Poidemos escoller entre varios platos, e comimos moi ben, aínda que a algún compañeiro non lle gustou moito. Comimos con alumnos da universidade, entre os cales había algún de Cariño.

Logo de comer xa nos subimos ao autobús para ir á Cidade da Cultura, onde había unha grande exposición chamada FPINNOVA. Había moitísimas cousas: realidade virtual, intelixencia artificial, un coche de carreiras,...Pero o que mais nos gustou foi a sección de alimentación, onde nos deron sobremesas e chocolate! O

problema era que había demasiada xente, e non se entendía ben o que nos querían contar. Tampouco nos deu tempo a ver toda a exposición.



Ás 18:00 xa era hora de voltar. Subimos a o noso autobús que nos deixou nas nosas paradas ás 20:00. Chegamos cansos, pero pasámolo moi ben, sobretudo no Museo, e no autobus, claro!

Ata a próxima viaxe compañeiros!!



Alumnas e alumnos de 5ªA

ENTREVISTA: Carlos Miranda

Antigo director e mestre do colexio.

6 de marzo de 2024 na aula de 5º B

A mestra Auri nos presenta a Carlos Miranda, ao cal xa coñecíamos de vista porque visita moito o colexio. Á súa vez, tamén nos vai presentando un por un para que o entrevistado nos coñeza algo.

Pregunta Samuel.- **Cantos anos estivo de mestre no colexio? De que data a que data?**

- *Estiven trinta e seis anos de mestre, desde 1981 hasta o 2017. Toda unha vida.*

Pregunta Valeria.- **Deses anos, cantos estivo de director?**

- *Estiven dezanove anos de director. Houbo un ano polo medio que o deixei, pero logo continuei como director uns anos máis.*



Pregunta Marcos.- **Coñeceu a algún dos nosos pais ou nais?**

- *É algo que xa falei cando vos ía presentando a mestra a cada un. Si que lembro a moitos, pais e nais dalgúns de vós, tamén algún avó que foi compañeiro meu do colexio na Pedra. Algún irmán voso foi alumno meu tamén. Son de aquí de toda a vida e teño parentes en Cariño. As miñas fillas foron alumnas do colexio.*

Pregunta Tristán.- **Recorda a algún alumno ou alumnos en especial?**

- *Pois si que lembro a todos con cariño. E se algúns en especial teño que lembrar son aos máis vulnerables: aqueles que tiñan dificultades; algúns que viñeron de lonxe e que non se adaptaban; alumnos e alumnas con familias desestruturadas... Cando me atopo con exalumnos e exalumnas percibo cariño por parte deles, e quédome con iso.*

Pregunta Pablo.- **Como era o colexio antes, as clases, o alumnado e o edificio?**

- *O edificio é practicamente o mesmo, pero cunha ampliación coas aulas sobre o patio cuberto e o ximnasio. O colexio non estaba todo neste edificio. Na sección do "Lavadeiro" había tres unidades. Outra unidade nas dependencias do baixo da*

Confraría de pescadores. E unha unidade na parroquia da Pedra. No ano 2000, os cursos de 7º e 8º de EXB, foron para o Instituto, e así foi como as unidades de infantil espalladas polo Concello, viñeron para o colexio porque xa había aulas suficientes. O colexio de Cariño foi pioneiro en ter ordenadores co proxecto ABENTE, porque houbo compañeiros con moita visión sobre o futuro cos ordenadores e pantallas dixitais.

Outro proxecto do colexio sobre o que me sinto orgulloso son as excursións de fin de curso de 6º de primaria, que lles permitiu aos exalumnos visitar e desfrutar de parques de atraccións, parques acuáticos, visitar Parlamentos autonómicos, museus,...

Foi o primeiro colexio da zona en habilitar aulas de infantil para alumnado de tres anos.

O noso colexio sempre foi un colexio dinámico para abrir oportunidades aos seus alumnos, como os que viven nas cidades ou preto delas.

Todo foi posible por ter un profesorado moi comprometido co seu traballo.

Pregunta Andrea.- Ten acceso a algunha foto ou vídeo que puidera prestarnos para documentar o noso traballo “Caderno de campo”?

- *Hai moitas fotos no colexio. Non xuntei fotos na casa porque deixei todo no colexio. Están practicamente todas dixitalizadas na web do colexio. Moitas son das actividades extraescolares: Día da Paz, Día da árbore, excursións,...*

Pregunta Darek.- Que había antes do Paseo Marítimo, no exterior do colexio?

- *Un patio enorme que chegaba hasta a praia da Basteira. O río Sagrón estaba sen canalizar. Había un kiosko, onde hoxe comeza o Paseo.*

Co tempo o río canalizouse a carón do colexio. Nesa zona construíron o Polideportivo municipal.

Había unha escombreira situada entre o Colexio e o antigo Instituto. O antigo muro que limitaba o colexio era moi feo de bloque.



A construción do Paseo marítimo veulle moi ben ao colexio. Facilitou a accesibilidade ao alumnado cercano. Tamén para desenvolver actividades de saída do colexio como o Entroido, porque antes de haber Paseo marítimo saíamos pola estrada principal, co risco do tráfico.

Pregunta Alejandra.- **Saberías algo de historia da ponte antiga que hai fronte ao colexio?**

- *Moito non sei. A xente chámalle “ponte romana” pero romana non é. De romana ten o estilo, pero teño entendido que é moito máis recente. Fixéronse moitas construción deste tipo na época do rei Carlos III, no século XVIII.*

Pregunta Vera.- **Como era a separación do colexio coa praia e co antigo instituto?**

- *O antigo muro que limitaba o colexio era moi feo de bloque, moitas veces quedaba enterrado ou rompía polo efecto do vento nas dunas da praia. Iso permitía que os alumnos puideran saír do recinto hasta a praia. Teño ido a buscar moitos alumnos á praia despois de soar o timbre de remate do recreo. Como é zona protexida de costas, non se podía mover a area. Pero por outro lado había que arreglar o muro para que non saíran os alumnos. Había que loitar contra a administración para que solucionaran o tema.*

Pregunta Claudia.- **Canto hai que se xubilou?**


- *Xubileime no ano 2017. Case sete anos desde aquela.*

Pregunta MariCarmen.- **Bota de menos o colexio e dar clase?**

- *Moito. Era un traballo que me gustaba moito.*

Gústame moito o contacto directo cos nenos e as nenas. Foi un traballo que me permitiu educar as miñas fillas e vivir cómodamente, pero sobre todo disfrutaba co traballo.

Neste traballo estoulle moi agradecido a todos os compañeiros que tiveron, aos pais e nais e a todos os alumnos. Non teño máis que palabras de agradecemento.



Na despedida facemos conversa informal con Carlos e explicámoslle que a entrevista forma parte do noso traballo “Caderno de campo” de prensa escola que presentaremos a concurso.

Deséxanos boa sorte e mostra interese polo proxecto cando ve os nosos “Cadernos” que lle fan recordar a súa infancia na escola.

Gracias de parte de todo 5ºB!



(As fotografías son de Karen e África)

CADERNO DE CAMPO

Periodistas naturais

No mes de xaneiro comezamos co proxecto de prensa escola da Voz de Galicia que presentaremos a concurso o 15 de maio.

Neste proxecto os alumnos e alumnas de 5º B nos convertemos en periodistas da natureza para coñecer mellor a contorna do noso colexio.

Fixemos quince saídas para observar, fotografar, investigar, recoller... elementos que nos axudaron a coñecer mellor os arredores do noso colexio e facemos conscientes do lugar privilexiado no que nos atopamos.

Está sendo unha aventura apaixonante e motivadora que nos axuda a aprender moitas cousas novas.



Nas saídas semanais á contorna observamos e fotografamos os cambios que se ían producindo polo cambio de estación, polos efectos da meteoroloxía e as mareiras na praia.



Fotografías da Ponte da Area en xaneiro e abril



Fotografías: inundacións na praia polas chuvias de primavera e rotura da pasarela na praia por un forte temporal.

ALGAS DA PRAIA DA CONCHA

Un dos nosos primeiros proxectos foi un taller de prensado de algas que recollimos na praia da Concha:



AREAS DAS PRAIAS

Algunha vez vos fixáchedes que a área das praias cambia de cor segundo a zona que esté? Isto sucede pola erosión que hai nesa zona, polos compoñentes minerais ou restos de cunchas...



CUNCHAS E OUTROS ELEMENTOS DAS PRAIAS

Nas praias recollimos cunchas de animais da zona e tamén outros elementos. Algúns naturais: como madeira de deriva, bolsa de ovos de cazón e raia,... e outros de lixo que producimos as persoas: como cordas e restos de aparellos de pesca, plásticos varios e hasta unha moeda!



ACHADOS ARQUEOLÓXICOS NA BASTEIRA

Sabiades que na praia da Basteira atopáronse dúas pezas de bronce da época castrexa? Estudiámolas e investigamos sobre elas: **Un machado votivo** que algunha persoa importante da aldea usaba colgada ao pescozo, e que está no Museo Arqueolóxico Castelo de Santo Antón da Coruña. E un **pañal de antenas** que se chama así pola forma da súa empuñadura, que está en mans de particulares pero que foi estudado na Universidade de Santiago.



O XEOPARQUE PRETO DO COLEXIO

Seguro que vos soa o de Xeoparque do Cabo Ortegal, e isto é así porque desde maio do ano pasado forma parte da rede mundial da Unesco. A importancia xeolóxica da zona vén pola antigüidade das rochas e a particularidade de que estean na superficie terrestre.

Pois dunha canteira na zona da Vacariza é de onde se extraeron as rochas para os malecóns do porto e os peiraos das praias. Por iso nas praias da Concha e Basteira podemos atopar estas rochas e minerais que as conteñen.



UN HERBOLARIO

Unha das actividades coas que máis desfrutamos foi coa elaboración do herbolario. Recollimos plantas da zona da ponte da Area, do Paseo marítimo e da beira da praia.







Todavía non rematamos o noso traballo nin o mural, pero case está...convidamos a todos que pasedes a velo na terceira planta do colexio.



Desexádenos sorte! Pero aínda que non gañemos, desfrutamos moito do traballo e aprendimos moitas cousas novas. Gracias!

Coa estela das nosas estrelas despedímonos despois de 9 maravillosos anos no mellor cole do mundo!!!!





Grazas e bicos
estelares 
6º Primaria



LETRAS GALEGAS 2024

LUÍSA VILLALTA GÓMEZ

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO COLEXIO DE CARIÑO

Luísa Villalta Gómez naceu na Coruña, na rúa Vila de Laxe, o 15 de xullo de 1957.

De pequena estudou na súa cidade natal, primaria no colexio das Xosefinas e o bacharelato no Instituto Eusebio da Guarda. Na Universidade de Santiago de Compostela licenciouse en Filoloxía Hispánica, Subsección de Galego-Portugués.

Aprobou as oposicións para profesora de secundaria e impartiu clases de galego nos institutos coruñeses de Perillo-Oleiros, Canido-Ferrol e Sada.



Foi colaboradora en moitas publicacións e xornais galegos: A Nosa Terra, Man Común, Grial, Luzes de Galicia... O Libro das columnas recolle os seus artigos publicados no xornal A Nosa Terra.

Colaborou con entidades que defendían o noso idioma e formou parte, entre outras, da Asociación de Escritores en Lingua Galega e da Mesa pola Normalización Lingüística.

Tamén foi unha grande intérprete de violín, formando parte da Orquestra de Santiago de Compostela e da Xove Orquestra de Galicia.



O seu primeiro libro foi unha obra de teatro, Concerto para un home só, ao que seguiron unha chea máis de libros de poesía, narrativa, teatro, ensaio... Faleceu na Coruña o 6 de marzo de 2004, á idade de 46 anos.

Pola defensa da cultura de Galicia e do idioma galego a Real Academia Galega dedícalle, o 17 de maio, Día das Letras Galegas.

"Libro das colunas"
Emigrar en terra propia

É ben sabido que somos xente emigrante. Pero o que poucas veces se pensa é que para emigrar non fai falta moverse do sitio. E isto é o que nos pasa a nós, que somos emigrantes, saíamos da terra ou non. O que acontece coa lingua é todo un síntoma do que estou dicindo, e até nin creo que sexa o único, pero si o máis dramático. Cántanme dunha muller, amiga da nai dun alumno non moi estudoso, que se aprontou a darlle un consello: «Que non faga o tonto. E total para que quere o teu fillo o gallego? Co gallego non pasa de Astorga!» Como se o rapaz tivese xa feita a maleta. E, para ser de Burela a muller, aínda atinou bastante ben, cando menos en dirección Madrid, ela que nunca precisou tampouco de ir aí moi lonxe.

Luísa Villalta



BIBLIOTECA DO CENTRO
LUSCOFUSCO. A CASIÑA DOS LIBROS



Boas, queredes ver algunhas das actividades que realizaron os rapaces/as este curso? Entón non perdades atención do que ven a continuación.

24 DE OUTUBRO. DÍA DAS BIBLIOTECAS
ESCOLARES



Para conmemorar este día tan importante para os amantes da lectura e dos libros, dende este equipo, propuxéronse dúas actividades:

⑩ **Espectáculo de maxia Leo Leño.** O alumnado do centro puido desfrutar deste espectáculo saíndo como voluntarios. Ademais dun toque de misterio, os nenos e nenas tiñan que adiviñar algún que outro autor de contos ou títulos de libro.



⑩ **Apadriñamento lector alumnado de 6º de Educación Primaria aos pequenos/as de 4º de Educación Infantil:** O alumnado de 6º foi buscar á aula ao alumnado de 3 anos, a súa

misión foi levarlos á biblioteca do colexio, lerlles un conto e entregarlles os carnets. Como agasallo o alumnado de 3 anos deulles un marcapáxinas.



MAGOSTO

20N. DÍA DOS DEREITOS DA INFANCI



25N. DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO



30X. DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA E A PAZ



ENTROIDO

Este ano os nosos disfraces tiñan que ver co Proxecto de centro, DinamiARTE, tendo en conta diversas artes: pintura, danza, escritura e cine. Así de bonitiños quedaron.



23 F. DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

Este curso para conmemorar este día, empregamos o lema “*o amor pola patria*” elixido pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). Para iso cada curso elixiu un poema, que tratase dita temática, escribiuno e ilustrouno libremente; e finalmente fumos a algúns comercios do pobo a ler as nosas creacións e pegalas no escaparate. Dende aquí agradecemos de novo a todos os establecementos que nos abriron a súas portas para realizar tan bonita actividade.



23 A. SEMANA DO LIBRO



- **O alumnado de 2º da ESO do IES Cabo Ortegal, visita o centro para lerlles fragmentos de poemas ao alumnado de Educación Primaria.**

- **Espectáculo para todo o alumnado na Casa da Cultura, “De onde veñen os monstros?”**



veñen os monstros??



ARTE NAS AULAS – PINTORAS GALEGAS

“DinamizArte”



Este curso o tema globalizador do noso cole é DinamizArte, un tema que acolle ao Arte en Galego. Na clase de Plástica unímonos coa pintura de mulleres artistas galegas, acercándonos as súas vida e obra para coñecelas mellor. Durante todo o curso, e como traballo de grupo-clase, estamos a traballar na reprodución dunha das obras de cada unha das autoras, uns traballos sobre lenzo 3D, utilizando pintura acrílica e dándolle o noso toque persoal, cambiando de ferramentas e de materiais, pero respectando o estilo e o deseño de cada pintora ata onde poidemos, cambiando formas, tipo de pintura, soporte, ata lle demos cor a algunha ilustración que a autora fixo en branco e negro. Unhas licenzas que esperamos non ofendan ás autoras. Quixemos ir un pouco máis alá da copia das obras destas grandes artistas, ás que, a partir de agora, admiramos. Sabemos que algunhas xa non están entre nós, pero perdurarán no noso recordo como grandes mulleres que son e foron.

1º DE EP

BERTA CÁCCAMO

(Vigo 1963-Coruxo- Vigo 2018)



Pintora vinculada á corrente renovadora do grupo Atlántica. A súa pintura é abstracta e conceptual, dentro da non figuración, con amplias manchas de tons ensordecidos e dominio das cores ocre e negros. Soe haber estrutura xeométrica nas súas composicións, deliberadamente simples, con vagas referencias formales. Solía utilizar lenzos de gran tamaño. Foi profesora na facultade de Belas Artes de Pontevedra. A súa obra está no Centro de Arte Contemporáneo, no Museo de Pontevedra e en coleccións privadas. En 2017 recibiu o Premio Cultura Galega das Artes. Era unha muller comprometida, que chamaba a atención sobre que o 80 por cento do alumnado de arte son mulleres, pero expoñen os homes. En 2019 O Centro Galego de Arte Contemporáneo (CGAC) rendiulle homenaxe.





2º DE EP
MERCEDES RUIBAL
(1928- 2003)



Nace en san Andrés de Xeve, Pontevedra no 1928. Considerase unha pintora expresionista e representante da nova figuración, influenciada no seus inicios por Laxeiro, pintor exiliado tamén en Arxentina. O mesmo ano que finalizou a Guerra Civil, a familia, de ideas republicanas tivo que emigrar a Arxentina onde pasou case vinte anos e onde expuxo por primeira vez, en Bos Aires (1956). Regresou a España no 1958. Na súa obra sinálase un expresionismo inxenuo, primitivo e lírico, con ocasionais rasgos de crítica social e política. As súas obras encóntranse en coleccións privadas, así como en distintos museos de Galicia, e no de Arte Contemporáneo de Madrid.



3º EP
MENCHU LAMAS
(Vigo, 1954)



Nace en Vigo en 1954 é unha pintora coñecida pola súa obra individual e o seu papel como fundadora do Grupo Atlántico. A súa primeira etapa caracterízase por combinar modernidad con referencias primitivistas a elementos do pasado e a tradición popular, con influencias do neoexpresionismo e a transvanguada. Trátase dunha obra cun forte cromatismo e que combina abstracción e figuración, e que máis adiante incorporaría elementos iconográficos como animais, humanos ou formas. A súa produción posterior é máis sintética e da un peso maior as siluetas, contornos o sombras.



**4º DE EP
M.ª ANTONIA DANS**

(Oza dos Rios, A Coruña 1922
Madrid 1988)



A pintura de María Antonia Dans, ás veces calificada de naif é, en realidade un neoexpresionismo de raíz inxenua, con algunha inspiración no bordado popular. Destaca a súa intensidade cromática. As súas representacións son apacibles e expresan unha vida feliz a través da inxenuidade e o cromatismo. Os traballos de campo e o mundo do mar son temas habituais na súa obra. O seu estilo é esquemático e sinxelo con simplificación de liñas, falseamento de perspectivas e manchas de cor.



**5º A DE EP
ROSA GUISÁN**



Artista Plástica, profesora de Plástica e Visual. O que se pode dicir dela e que é pintora, ceramista, faiesmaltes con lume, é muralista de técnicas mixtas. Ten obra en espazos públicos nos que utilizou materiais de construción. Figurativa escapa do realismo, é atemporal, pode recordar ao románico, ao barroco, con outras perspectivas e unha nova visión superando ao cubismo e ao surrealismo. A súa obra ten forza e cor.,



**5º B DE EP
MARUJA MALLO**
(Viveiro, 1902- Madrid 1995)



Naceu en Viveiro e foi educada na igualdade puido gozar dunha liberdade que poucas nenas tiñan, así chegou a ser unha das maiores expoñentes do cubismo e o surrealismo en España.
Formou parte do grupo de mulleres artistas chamado " Las Sinsombrero" e desenrolou a súa obra xunto a Lorca, dalí, neruda, Zambrano e Alberti .















**6º DE EP
LOLITA DÍAZ BALIÑO**
(A Coruña, 1905-
A Coruña, 1963)



Foi unha pintora e profesora galega, primeira muller membro da Real Academia Galega de Belas Artes, xunto a Carmen Corredoira.
Os seus debuxos son de influencia folclorista e retrataban o universo feminino, aínda que cun recoñecible estilo común con outros artistas coetáneos.



Le con atención a biografía de Luísa Villalta,
recorta o comecocos e... a xogar.
Lembrabas todos os datos?

 <p>LUÍSA VILLALTA GÓMEZ LETRAS GALEGAS 2024</p>	 <p>LUÍSA VILLALTA PENSAR É ESCURO Poesía galega, 1970-1980</p>		
	<p>CAL É O TÍTULO DA SÚA PRIMEIRA OBRA?</p>	<p>CAL FOI A PROFESIÓN DE LUÍSA?</p>	
 <p>cadernos da escola dramática galega 1977-1980 CONCERTO PARA UN HOME SÓ Luísa Villalta</p>	<p>CONCERTO PARA UN HOME SÓ</p>	<p>PROFESORA DE INSTITUTO</p>	
<p>QUE INSTRUMENTO MUSICAL TOCABA?</p>	<p>O VIOLÍN</p>	<p>GALEGO</p>	<p>QUE IDIOMA ENSINABA NO INSTITUTO?</p>
 <p>EN QUE INSTITUTO CORUÑÉS ESTUDOU?</p>	<p>IES EUSEBIO DA GUARDA</p>	<p>A XOVE ORQUESTRA GALEGA</p>	<p>CAL FOI UNHA DAS ORQUESTRAS NAS QUE TOCOU?</p>
 <p>LUÍSA VILLALTA</p>	<p>15 DE XUÑO DE 1957 NA CORUÑA</p>	 <p>MÚSICA RESERVADA</p>	
	<p>CAL É A DATA DO SEU NACEMENTO? ONDE NACEU LUÍSA?</p>		 <p>LUÍSA VILLALTA GÓMEZ LETRAS GALEGAS 2024</p>



LETRAS GALEGAS 2024

Luisa Villalta




Martina



Khloe



Lucia



Alejandra

Día das Letras Galegas 2024

17 de Maio

Letras Galegas

Luisa Villalta

ensaio, artigo e tradución.
Foto súa:

- Nacemento: 15/1/1967
- Fecha de la morte: 6/3/2004
- Instrumento: Violín

Luisa Villalta bombez foi unha escritora, filóloga e violinista española. Escribiu poesía, teatro, narrativa de ficción.

Sara

O ESPIGONCIÑO

OLIVIA 4º E.I.



Subvencionado pola
Consellería de Educación e O.U.
Secretaría Xeral de Política lingüística

CEIP "MANUEL FRAGA IRIBARNE" DE CARIÑO - A CORUÑA